



## **CONSULTA PÚBLICA PREVIA**

### **PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO**

Consonte co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e co obxecto de incrementar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación da Ordenanza municipal de instalación de terrazas en espazos de uso público do Concello da Coruña, realizarase unha consulta pública a través do portal web municipal do concello e web municipal de Mobilidade, na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- c) Os obxectivos da norma
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

En cumprimento do anterior e de acordo co disposto na resolución de data 12 de novembro do 2021 aprobada polo Concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, por delegación da Xunta de Goberno Local, e seguindo as instrucións dos procesos participativos municipais, formulase a consulta pública que se contén a continuación.

A cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán facer chegar as súas opinións e suxestións sobre os aspectos incluídos na consulta, ata o vindeiro día 23 de decembro de 2021 mediante o formulario web accesible neste enlace:

[Trámites y normativa \(coruna.gal\)](https://sede.coruna.gob.es/)

Non será necesario que os remitentes estean identificados. Con carácter xeral, as achegas consideraranse confidenciais e de libre difusión. As partes que se consideren confidenciais deberán ser especificamente sinaladas e delimitadas nos comentarios, motivando as razóns para a dita cualificación.

Moitas grazas pola súa colaboración na procura dunha mobilidade sostible, saudable e inclusiva, e un reparto equitativo do espazo público.

A Coruña, 22 de novembro de 2021

Concellaría de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade



## **PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZO PÚBLICO DO CONCELLO DA CORUÑA**

### **ANTECEDENTES DA NORMA**

A corporación municipal amosa o seu interese en fomentar na cidade diversas medidas que inflúan de xeito positivo na procura dunha mobilidade sostible e saudable.

O Concello Pleno, na súa sesión do 3 de outubro do 2019, ven de asinar a *Declaración da Coruña por unha mobilidade máis sostible*, e de asumir como compromiso establecer nos instrumentos de ordenación un reparto equilibrado do espazo urbano destinado á mobilidade motorizada e non motorizada, consonte coas políticas de desenvolvemento sostíbel das cidades, priorizando, na medida do posible, a cidade para o peón, favorecendo os itinerarios continuos, seguros, accesibles e responsables, e propiciando unha forma de vida máis saudábel e activa, con perspectiva de xénero.

Neste marco, resulta imprescindible levar a cabo actuacións en diferentes ámbitos da mobilidade e da regulación do espazo público, por exemplo, a través da posibilidade de instalación de terrazas no mesmo, non so nas beirarrúas senón tamén nas prazas de aparcamento das vías municipais, polo que debe realizarse unha modificación da Ordenanza municipal de instalación de terrazas en espazo público, que no seu artigo 19.7 prohibe este tipo de instalacións nas prazas de aparcamento:

*“Artigo 19.- Condicións e prescricións adicionais*

...

*7.- Non se autorizarán terrazas que ocupen zonas de calzada ou estacionamento de vehículos”*

Ademais de supoñer un mecanismo de recuperación de espazos para as persoas constitúe unha posibilidade de axuda ao sector da hostalaría despois da situación de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19 desde o mes de marzo de 2020. Esta epidemia motivou a redacción e aplicación dunhas instrucións que permitían de xeito excepcional e temporal, non so na nosa cidade, a instalación de terrazas nas prazas de aparcamento para fomentar a actividade empresarial permitindo a ocupación deste espazo; esta situación temporal pode derivar nunha modificación da dita Ordenanza municipal que contribúa a gañar este espazo de forma definitiva para o lecer da cidadanía e para liberar espazo nas beirarrúas e dar cumprimento así á normativa de accesibilidade co fomento dos itinerarios peonís accesibles.

### **PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA MODIFICACIÓN DA NORMA**

A instalación de terrazas nas beirarrúas provoca nalgúns casos un axustado itinerario peonil que cumpre moi xusta a medida considerada óptima en materia de accesibilidade, causando un obstáculo para as persoas viandantes, especialmente as persoas invidentes ou con mobilidade reducida.

A modificación da Ordenanza para permitir a instalación de terrazas nas beirarrúas ten como principal obxectivo ampliar o espazo público destinado á súa instalación, deixando libres e baleiras de mobiliario as beirarrúas e gañando así espazo para as persoas favorecendo o tránsito peonil. O espazo das prazas de aparcamento está destinado aos vehículos privados, polo que tamén supón recuperar este espazo para outros usos alternativos que teñen como destinatarias ás persoas da veciñanza, en detrimento dos vehículos motorizados, tratando tamén de desincentivar así o seu uso tan maioritario na cidade.



Este cambio normativo para permitir a instalación de terrazas nas prazas de aparcamento tentará acadar un uso máis equitativo do espazo público, priorizando a mobilidade peonil, e o transporte público, garantindo a saúde, a mellora da calidade do aire, a protección do medio ambiente e a accesibilidade universal, así como os dereitos das persoas con mobilidade diversa.

## NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA APROBACIÓN DA NORMA

O Concello ven de aprobar desde o mes de maio do ano 2020 unhas instrucións para instalar terrazas durante a situación de emerxencia sanitaria de interese galego declarada por Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do *Plan para a transición cara unha nova normalidade*. Estas instrucións permitiron por primeira vez no municipio a instalación de terrazas en prazas de aparcamento coa idea de que o sector da hostalaría e restauración puidera utilizar un espazo público no caso de que non lle fose posible instalar terrazas nas beirarrúas, no caso de non acadar estas as dimensións mínimas para garantir a accesibilidade do itinerario peonil. Tamén tratouse de ofrecer un espazo para garantir a seguridade mínima nas distintas porcentaxes dos aforamentos do exterior dos locais de hostalaría impostas pola autoridade sanitaria en cada momento.

No contexto da evolución da pandemia, en relación co incremento das medidas que pretendían restrinxir ao máximo a interacción social e a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, estas instrucións fóronse adaptando ás circunstancias existentes en cada momento e prorrogáronse ata a finalización do estado de alarma; posteriormente, incluso agora na actualidade, seguen vixentes aínda que con data 21.10.2021 rematara a situación de emerxencia sanitaria en Galicia, segundo a Resolución de 21.10.2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, xa que aínda se adoptaron diversas medidas de prevención específicas pola autoridade sanitaria autonómica en relación co sector da hostalaría e restauración.

Neste tempo observouse a posibilidade de restrinxir ademais os vehículos motorizados e o seu uso ao non ser posible aparcar coa mesma facilidade que existía sen as terrazas nas prazas de aparcamento; verificouse a súa idoneidade para favorecer espazos para a cidadanía e limitar o uso do vehículo privado e, polo tanto, mellorar a calidade de vida das persoas e a calidade do aire.

A modificación da Ordenanza considérase un instrumento para darlle permanencia a este tipo de instalacións que naceron ao abeiro da situación de pandemia, pero que favorecen unha nova mobilidade que veu para quedarse, e un reparto máis equitativo do uso do espazo público, priorizando a mobilidade peonil e o transporte público, garantindo a saúde, a mellora da calidade do aire, a protección do medio ambiente e a accesibilidade universal, así como os dereitos das persoas con mobilidade diversa.

## OBXECTIVOS DA NORMA

O proxecto de modificación normativa deberá de ter en conta os obxectivos específicos do *Plan de Mobilidade Urbana Sustentable da Coruña*, aprobado en 2013, de acordo cos obxectivos xerais para os plans de mobilidade urbana sustentable establecidos de maneira xeral na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable. Estes obxectivos xerais tradúcense nos seguintes obxectivos específicos para o PMUS da cidade da Coruña:

- Fomento dos modos non motorizados



- Potenciar o transporte público fronte ao automóbil privado
- Uso máis racional do espazo público urbano
- Incidir sobre a conduta de mobilidade dos cidadáns
- Contribuír á planificación sustentable do desenvolvemento urbano

Tamén deberá estar relacionado con moitos dos ODS (obxectivos de desenvolvemento sustentable) da Axenda 2030, como por exemplo co obxectivo estratéxico O.E.5 da Axenda Urbana Española de “Favorecer a cidade de proximidade” a través dunha mobilidade sustentable, establecendo instrumentos de ordenación para un reparto equilibrado do espazo urbano destinado á mobilidade motorizada e non motorizada, acorde coas políticas de desenvolvemento sustentable das cidades. Deberá priorizarse, na medida do posible, a cidade para o peón favorecendo os itinerarios continuos, seguros e responsables, e propiciando unha forma de vida máis saudable e activa. Igualmente, a mobilidade sustentable é un dos 8 plans temáticos da *Estratexia contra o Cambio Climático da Coruña*, polo que o proxecto da norma deberá tentar integrar todos estes obxectivos nos seus contidos.

Ademais, deberá conter unha regulación que cumpra co obxectivo de impulsar un apoio municipal á actividade hostaleira desde a posibilidade de ocupación dun espazo público para, neste momento e por mor da pandemia, favorecer a instalación de terrazas e seu o uso, tendo en conta a especial preocupación municipal polo sector nestas circunstancias.

De xeito concreto, a modificación da Ordenanza deberá regular o reparto do espazo público establecendo as regras que posibiliten a instalación destas terrazas nas prazas de aparcamento segundo o tipo de vías, a accesibilidade universal nas beirarrúas, as zonas que non poden ser ocupadas por diversos motivos, as medidas para garantir a seguridade das persoas usuarias das terrazas en relación co tráfico rodado, mobiliario urbano permitido, peches perimetrales de seguridade, etc..., así como a aplicación supletoria do resto das cuestións técnicas e xurídicas incluídas xa na Ordenanza que se veñen aplicando para as terrazas nas beirarrúas.

Ademais a modificación da Ordenanza redactarase de acordo coa *Declaración da Coruña por unha mobilidade máis sustentable* aprobada por este concello, cuxo obxectivo fundamental é a implicación de todos os axentes e sectores, públicos e privados, da cidade en favor dunha política de mobilidade sustentable coordinada cun modelo de crecemento urbano que aposte por unha maior cohesión social.

#### POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS, REGULATORIAS E NON REGULATORIAS

Todas estas cuestións expostas deben ser reguladas mediante unha modificación da *Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos públicos*, xa que na actualidade non se permite a súa instalación en prazas de aparcamento, consonte co disposto no artigo 19.7. Polo tanto, é necesaria unha modificación da Ordenanza para cambiar a regulación actual, tendo en conta ademais que a modificación ten como destinataria unha pluralidade indeterminada de persoas, tanto as pertencentes ao sector da hostalaría, como as persoas usuarias das terrazas e as persoas residentes nas rúas nas que se permita a súa instalación.

Por isto, non se contemplan medidas non regulatorias que poidan acadar o cumprimento dos obxectivos perseguidos coa modificación proposta da norma existente.

\*\* \*\* \*